

ANEXO XVII

Acreditación do cumprimento dos prazos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

A acreditación do cumprimento dos prazos de pago realizarase do seguinte modo:

1. As persoas físicas e as xurídicas que poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, poderano acreditar mediante certificación subscrita pola persoa física ou, no caso das persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, na que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pago da Lei 3/2004. Poderán tamén acreditar a dita circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto 2 seguinte e suxeito a súa regulación.

2. As persoas xurídicas que, de acordo con a normativa contable non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, acreditarano mediante:

1.º) Certificación emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) que conteña unha transcripción desagregada da información en materia de pagos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pago establecidos na Lei 3/2004. Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.

2.º) No caso de que non sexa posible emitir o certificado ao que se refire o epígrafe 1.º, entón as empresas haberán de presentar «Informe de Procedementos Acordados», elaborado por un auditor rexistrado no ROAC, que, en base á revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pago a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pago da Lei 3/2004, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar un nivel de cumprimento dos prazos de pago de polo menos un 90% das facturas, de conformidade co previsto na disposición final sexta, letra d, apartado segundo da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de creación e crecemento de empresas.

Se a certificación de auditor ou o informe de procedementos acordados non puiden obterse antes da terminación do prazo establecido para a súa presentación, achegárase xustificante de solicitalo e, unha vez obtido, presentárase inmediatamente e sempre antes da resolución de concesión definitiva.

Tal e como se anticipou supra, entenderase cumprido o requisito esixido neste apartado cando o nivel de cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei 3/2004 sexa igual ou superior á porcentaxe prevista na disposición final sexta, letra d), apartado segundo, da Lei 18/2022 (polo menos o 90% das facturas pagas en prazo).

Exclúense as facturas correspondentes a provedores que formen parte do mesmo grupo de sociedades.